

A BRIGADA DA COCIÑA

948

Louis-Julien Petit, 2022

ESTREA EN NUMAX: 17.06.2022 | V.O.S.E. | TP | 97 min.

Cathy é unha estrita chef de 40 anos. Cando está a piques de cumprir o seu soño de abrir o seu propio restaurante gourmet, un revés fai que nada lle saia como planeara. Con serias dificultades económicas ás súas costas, Cathy acepta con reticencia un traballo na cafetería dun centro para mozos inmigrantes.

Pouco a pouco, as habilidades de Cathy e a súa paixón pola cociña comezan a cambiar a vida dos rapaces, que tamén teñen moito que ensinarlle a ela.

«Deliciosa. Ogallá a vida fose como esta película»

Andrea G. Bermejo, CINEMANÍA



Notas do director

O tema da integración en Francia, en todas as súas formas, interesoume desde a rodaxe d'*As invisibles* (2018). Cando estaba a reflexionar sobre estes temas, Liza Benguigui, a miña produtora, presentoume a Sophie Bensadoun, guionista e documentalista que quería escribir un filme de ficción sobre o tema da integración de menores estranxeiros non acompañados a través da cociña. A idea pareceume moi interesante pero tiña que atopar unha historia orixinal e inspiradora. Así que me puxen a investigar, como fago en todos os meus filmes.

Grazas a Sophie tiven a oportunidade de coñecer a Catherine Grosjean, profesora de cociña nunha clase do CAP que acolle a menores migrantes. Cando descubrín o seu forte carácter e a pedagogía que aplicaba ao seu alumnado, souben o xiro que ía tomar a película. Para facer unha historia inspiradora, era preciso que estes mozos con percorridos complicados tiveran diante un personaxe con moito carácter...

Cathy Marie está inspirada en diferentes mulleres *chef* que coñecín durante o meu traballo de investigación en Francia e converteuse na heroína que me permitiu integrar este universo. Trátase dunha cociñeira que sempre soñou con ser *chef*, teimuda e que, ao ficar sen opcións, se ve obrigada a traballar uns meses nun centro de acollida de menores migrantes. Ela non o sabe aínda, pero a través dese traballo fará realidade o seu soño doutro xeito e todo grazas a unha calidade que non sospeitaba posuír: a pedagogía. Así que remata converténdose en chef ao seu xeito, recreando unha verdadeira familia dentro do centro de acollida.

O meu desexo con *A brigada da cociña* era facer unha comedia social, un xénero que me gusta moito desde a miña primeira película, *Discount* (2014). Paréceme que é un dos mellores xéneros á hora de abordar problemas sociais difíciles. O resto consistía en tratar con realismo o problema dos menores migrantes, sen eludir a espada de Damocles que pesa sobre as súas cabezas, a da expulsión se non conseguen unha titulación antes dos 18 anos, pero mantendo unha boa dose de humor e optimismo.

E o personaxe de Cathy Marie foi para min o vector ideal. É egocéntrica e segura de si mesma e a súa forzada inmersión neste centro de acollida, a anos luz dos seus plans, provoca situacións cómicas desde o inicio do filme. Así que, ao igual que o espectador, Cathy descubrirá a realidade do percorrido destes mozos, desde a súa chegada a Francia até os seus esforzos por se integrar, pasando pola ameaza da expulsión. A medida que avanza a historia, a comedia dá paso á emoción xa que Cathy realmente comprende a historia de cada un dos membros da súa brigada. Por último, quería que o último terzo do filme fose unha válvula de escape cómica para o espectador, unha inmersión no mundo moderno e único dos reality. Un universo despiadado que Cathy detesta pero que será o único xeito de dar a coñecer a súa brigada.